



Don Juan José Besada Rico, con D.N.I. 35305230T como secretario accidental do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra, inscrita no Rexistro de Asociacións de Pontevedra da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspondéndolle rexistralmente o nº de expediente 2009/0013009-1 (PO).

CERTIFICA:

1º Que na reunión da Xunta Directiva celebrada o día 13 de decembro de 2021, con quórum dabondo e, en segunda convocatoria, adoptáronse os seguintes acordos relativos ao punto terceiro da orde do día:

PUNTO 3º: DEVOLUCIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE 24 DE NOVIEMBRE DE 2021 REALIZADA POLO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DA ORDE DE 3 DE AGOSTO DE 2021

A xerente da conta de que na data do 3 de decembro recibíuse a DEVOLUCIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE 24 DE NOVIEMBRE DE 2021 REALIZADA POLO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DA ORDE DE 3 DE AGOSTO DE 2021 por parte da Consellería do Mar.

As xestións realizadas dende ese intre pola xerencia do GALP foron a elaboración dun informe para dar resposta aos feitos e valoracións sinalados na mesma así como encargar un informe ao Servizo Externo de Asesoría Legal para que informara á Xunta Directiva ao respecto.

Á vista dos informes que se presentan, a Xunta Directiva acorda, en relación cos fitos que se sinalan na Devolución da Proposta por parte da xefa do servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca, o seguinte:

1.- En relación aos criterios utilizados para a priorización:

O GALP Ría de Pontevedra procedeu a realizar a tramitación de proxectos presentados á convocatoria de axudas aberta pola Consellería do Mar coa publicación da ORDE DE 3 DE AGOSTO DE 2021 e con este obxectivo definiu os criterios para a priorización dos proxectos presentados nesta convocatoria.

Segundo o Informe emitido polo Servizo Externo de Asesoría Legal:

“[...] enténdese que a simple variación dos criterios de prelación entre dúas convocatorias diferentes, namentres a nova convocatoria non incumpra, en definitiva, os criterios básicos de selección previstos na EDLP, e sexan fixados de xeito transparente e previo, non sería razón suficiente para determinar a invalidez da proposta. A normativa reguladora non prohibe modificar, en definitiva, o criterio de selección namentres se actúe no marxe dos parámetros e criterios prefixados na EDLP. Se efectivamente se alterasen aqueles criterios ou pautas prefixadas na EDLP, haberá de procederse a unha nova reevaluación dos proxectos presentados a selección.”





Ao ser o criterio adoptado pola Xunta Directiva para a priorización de proxectos desta convocatoria a puntuación obtida cos criterios de avaliación prefixados na EDLP, a Xunta Directiva do GALP Ría de Pontevedra entende que se pode manter este criterio en función da aclaración realizada polo asesor xurídico.

Non obstante, en caso de que a Consellería do Mar entenda que este criterio é contrario ao artigo 24 da Orde do 3 de agosto de 2021, acórdase deixar en disposición da Consellería a aplicación do criterio que entenda correcto co obxecto de non demorar máis a aprobación de proxectos desta convocatoria.

Nas propostas de resolución anteriores, entendendo a Xunta Directiva que as súas decisións poderían afectar ao proxecto que quedaba en lista de agarda incluíuse este nas deliberacións desta resolución mais como parece desprenderse da Devolución da proposta que este feito non é correcto, procede a revisar a táboa de avaliación de proxectos e excluílo da mesma.

OE EDLP	Código proxecto	Denominación proxecto	Proposta 2021_08	PUNTUACIÓN
OE 3	GALP 6 - 230	SALVAGARDA DO ECOSISTEMA NO ÁMBITO TERRITORIAL DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE PONTEVEDRA	30.559,03	88
	GALP 6 - 224	POSTA VALOR E MELLORA ACESIB., PROTECCION DUNAR E DOT. SERV. MÓB	64.759,20	74
	GALP 6 - 228	DESCUBRINDO O ENIL A XUNQUEIRA DE ALBA	14.229,60	69
	GALP 6 - 234	EQUIPAMENTO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO	19.863,36	64
	GALP 6 - 226	GUÍA DE AVES DO ENIL DA XUNQUEIRA		57
	OE 4	GALP 6 - 223	EL ENCANTO DE XARAS, SL	108.768,64
GALP 6 - 227		SINALIZACIÓN ESPAZOS MARÍTIMO-FLUVIAIS DA RÍA DE PONTEVEDRA		55
GALP 6 - 229		UNHA VIAXE AO REDOR DO COLÓN GALEGO		49
OE 5	GALP 6 - 231	NaturGalíciate, un mar de aventuras	7.233,20	66
	TOTAL		245.413,03	

Táboa 1: Selección de proxectos que reciben financiamento aplicando o criterio de puntuación decrecente independentemente do OE no que se presentaran, respectando os límites de cada OE.





2.- En relación ás valoracións dos proxectos propostos:

O informe emitido pola xerente sinala:

GALP 6 – 223 El Encanto de Xaras.

No informe de avaliación realizado pola xerencia e validado na reunión do equipo ANTENA composto polos axentes de emprego dos Concellos do ámbito territorial do GALP Ría de Pontevedra acordouse a avaliación do criterio de INCIDENCIA AMBIENTAL en función da nova información contida na memoria presentada do proxecto.

A diferenza do proxecto GALP 6 – 176 – proxecto do mesmo promotor presentado na convocatoria de marzo de 2021 – agora, no apartado da memoria presentada acompañando a solicitude do expediente GALP 6 – 223, “De ser o caso, indique a incidencia do proxecto na mitigación do cambio climático ou a súa contribución a unha economía de baixas emisións de carbono”, o promotor inclúe unha xustificación ampla da contribución do proxecto á reducir a súa incidencia ambiental valorándose positivamente, tanto as técnicas de construción que garanten o aforro enerxético así como a implementación de prácticas no mantemento do aloxamento como tamén a nova orientación do proxecto destacando á sustentabilidade a integración paisaxística e a inclusión de plantación de froiteiras ecolóxicas que permitirá a integración na súa oferta da actividade agroturística.

GALP 6 – 228 Descubrindo A Xunqueira de Alba.

No informe de avaliación realizado pola xerencia e validado na reunión do equipo ANTENA composto polos axentes de emprego dos Concellos do ámbito territorial do GALP Ría de Pontevedra acordouse a avaliación do criterio de NOVAS TECNOLOXÍAS en función do emprego de drons na gravación do vídeo-documental.

Neste caso, ao revisar novamente o proxecto presentado nos percatamos do emprego de drons na gravación, feito que non fora tido en conta, por erro, na avaliación do proxecto presentado na convocatoria de marzo. Porén, revisando outros proxectos de gravacións financiados coma o GALP 6 – 124 e o GALP 6 – 158 si se tivo en conta este criterio para a avaliación do emprego de novas tecnoloxías polo que considerouse procedente corrixir este erro na avaliación do proxecto presentado á convocatoria aberta pola Orde do 3 de agosto de 2021.

O informe emitido pola Asesor xurídico sinala:

“No que atingue a valoración do proxecto EL ENCANTO DE XARAS alúdese dende o GALP ao modificación de contidos, entre o proxecto presentado para a convocatoria de marzo e o presentado posteriormente en agosto, que xustificaría da modificación da puntuación, o que haberá de ser debidamente xustificado. Canto ao nomeado proxecto DESCUBRINDO A XUNQUEIRA DE ALBA indícase no informe da xerencia que ao revisar o proxecto teríase detectada unha cuestión non valorado previamente por erro na convocatoria de marzo, como sería a de emprego de drons na gravación, polo que atendendo ao criterio xa aplicado de xeito análogo para proxectos similares – GALP 6 124 e GALP 6 -





158 – procedeuse a fixar unha maior valoración, que sería a correcta. Enténdese polo tanto xustificada dita cuestión.

A Xunta Directiva entende debidamente xustificadas as valoracións dos proxectos a acorda, por tanto, manter as mesmas.

3.- En relación á valoración do proxecto GALP-196 presentado ao abeiro da orde de 31 de xaneiro de 2019

O informe emitido pola xerente sinala:

En conversas telefónicas coa Xefe de Servizo da Consellería do Mar se indicou que este proxecto – único que quedaba na lista de agarda da convocatoria de marzo de 2021, poderíase propoñer para a súa aprobación agora ao producirse unha variación do crédito dispoñible no obxectivo Estratéxico 1 pola minoración do expediente GALP 6 – 107 na súa xustificación da anualidade 2020 nun importe de 905,72 €.

Hai que ter en conta que este proxecto figuraba na proposta de aprobación do GALP Ría de Pontevedra cun importe de 200.000 € e que non foi aprobada pola Consellería do Mar ao entender que a resolución da Xunta Directiva do GALP Ría de Pontevedra indicaba que había que concederlle os 200.000 € e non había crédito dabondo no obxectivo estratéxico para concederlle integramente o financiamento que, por puntuación, lle correspondía ao proxecto. Na actualidade, o crédito dispoñible no Obxectivo estratéxico 1 é de 142.297,69 €.

Polo feito de que calquera resolución que a Xunta Directiva adoptara en relación a este proxecto afectaría á proposta de aprobación dos proxectos presentados á convocatoria aberta pola Orde do 3 de agosto de 2021, foi polo que se tivo en conta no momento de propoñer a resolución desta convocatoria e procurouse facer coa máxima transparencia, deixando constancia do acordo na acta da Xunta Directiva e expoñendo os criterios para facelo.

O informe emitido pola Asesor xurídico sinala:

“Neste sentido cómpre atender ao indicado no artigo 25.7 da Orde que en todo caso contempla un listado de reserva cos proxectos incluídos na proposta de resolución definitiva dos GALP que non puidesen recibir axuda por ausencia de crédito, que será utilizada de non esgotarse o crédito dispoñible, ou resultar incrementado posteriormente.

A Xunta Directiva acorda propoñer á Consellería do Mar que ás cantidades que se deriven de incrementos de crédito dispoñible por minoracións de proxecto ou renuncias de promotores sexan destinados ao proxecto que está en lista de agarda e que, se entende que este proxecto ten prioridade respecto aos presentados na convocatoria de axudas ao abeiro da orde do 3 de agosto de 2021, se lle priorice na concesión de axudas.

Estes acordos darase traslado á Consellería do Mar así como os promotores que poidan verse afectados polas propostas provisionais e definitivas concedéndolles a todos eles un prazo de alegacións de cinco días en aplicación do prazo que establece a orde de axudas para a proposta provisional de resolución das axudas, segundo as indicación que realiza á Xefa de Servizo de Desenvolvemento de Zonas Costeiras.





Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Pontevedra

Departamento de Exportadores 14
Edificio da Lonxa - Porto de MARÍN
36900 MARÍN (PONTEVEDRA)
Tfno. 886213015 gacpontevedra@gmail.com

A Xunta Directiva acorda publicar a presente proposta de resolución definitiva no taboleiro de anuncios do GALP e na páxina web <https://galp.xunta.gal/e> na do GALP coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.

E para que conste expido esta certificación co Visto e prace da presidenta do GALP Ría de Pontevedra en Marín a 14 de decembro de 2021.

O secretario accidental,

Vº Bº da presidenta,

Don Juan José Besada Rico

Dona María del Carmen Vázquez Nores



Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e da Pesca
(FEMP)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR